



RAMÓN
PIÑEIRO

DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS 2009




A photograph of a two-story stone building with a balcony and a child sitting on the steps. The building is constructed from large, light-colored stone blocks. It has several windows with white frames and a small balcony with a white metal railing. A child is sitting on the steps leading to a blue door. The building is surrounded by greenery, including a large tree on the left and various plants in the foreground. A small plaque is visible on the wall to the left of the door.

Naceu na Armea de
Abaixo (Láncara) o 31
de maio de 1915.



Sua nai chamábase Vicenta e seu pai, Salvador.
Viviron na casa de Baixo, que eles mesmos fixeron.




En 1921, aos 6 anos, comeza a escola na casa do Muiñeiro, na parroquia veciña de san Pedro. Seus pais xa lle ensinaron a ler e a escribir.


“Deica entón a miña lingua fora a galega, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante falaba en castelán dentro e fóra da escola. Non facía a menor concesión. Trataba de establecer a nosa inferioridade colectiva non só en canto escolares, senón a inferioridade nosa en canto galego-falantes. Mais esa inferioridade englobaba tamén os nosos pais, os nosos irmáns e familiares, os nosos veciños, todo o que era o noso mundo propio.”



Aos 7 anos descobre o tren, que fora o seu “primeiro problema intelectual”, e tamén a luz eléctrica.




Entre 1924 e 1928 marcha para Lugo onde estuda o bacharelato elemental. É tamén cando descobre o pracer da lectura. Nunha antoloxía le por primeira vez a Rosalía.



De 1928 a 1931 volve para A Armea e axuda nos labores do campo. Un amigo aconsella os seus pais para que Ramón continuase os estudos.


LANCARA



En 1931 marcha para Sarria e comeza a traballar no comercio dun amigo de seu pai. Alí subscríbese ao xornal *El pueblo gallego*, que foi o seu primeiro contacto co galeguismo.


O 14 de abril de 1931 proclamouse a II República. Na campaña das primeiras eleccións asiste a un mitin no que participaron Ánxel Fole e Lois Peña Novo.





En xuño do mesmo ano 31, na estación do tren, ve a Castelao e a Otero Pedrayo que sairían elixidos deputados. Coñecíaos polos xornais, pero non se atreveu a falar con eles.

“No mes de xuño do ano 1931 celebráronse as eleccións ás Cortes Constituíntes e saíron elixidos os primeiros deputados galeguistas, entre eles Otero Pedrayo e Castelao, aos que eu seguía polos periódicos. Unha noite, cando estaba na estación agardando o tren para botar as cartas, escoitei a un gandeiro, don Vicente Páramo, republicano e galeguista, que lle dicía en voz alta a alguén que se cruzaba con el na plataforma: “Imos saudar a Castelao e a Otero Pedrayo, que van no vagón restaurante”. Como eu tiña unha imaxe deles pola lectura dos periódicos, fixeime ao pasar e recoñecinos tamén a través da ventá. Despois pasei a carón deles, pois baixaran do tren e estaban alí, de pé, con don Vicente Páramo. Foi a primeira vez que os vin en persoa e nin me podía pasar pola cabeza a idea de que pouco despois ía ter o privilexio de ser amigo dos dous.”



En 1932 volve a Lugo para cursar o bacharelato superior. Alí asiste a un mitin de Suárez Picallo e Castelao, que o impresionou co seu discurso. Con outros compañeiros de instituto funda as Mocidades Galeguistas de Lugo.



O grupo das Mocidades decide invitar a Otero Pedrayo a dar unha conferencia ao instituto. Piñeiro foino agardar á estación e acompañouno ao hotel Méndez Núñez. Durante ese tempo non parou de facerlle preguntas. Logo, Otero Pedrayo foi dicindo que en Lugo había un rapaz "que era un verdadeiro Erasmo".



“Máis tarde coñecín tamén a Ánxel Fole. Era un home sinxelo, de trato fácil e moi accesible, a pesar de que, sendo moi tímido, tiña un grande orgullo defensivo. Foi realmente o meu mestre.”

lugo, 6 de Junio de 1931

PUNTO
10
ctr
periódico
de vanguardia
política

número

3

exclusiva de venta y suscripción:

josé torrón, loterías

plaza de la república número 14.

Nesta época, sendo aínda un adolescente, publica os seus primeiros artigos de contido político.

partido republicano radical socialista

Quedó constituido en esta capital, el Partido Republicano Radical Socialista, que cuenta ya con numerosos asociados.

El comité provincial de este partido, organizará, en breve, un acto de propáganda, al que se invitará a tomar parte en él, a los señores Alborno y Domingo.

Entre los acuerdos más importantes de los tomados en la última sesión, figuran el de no admitir en el seno de la asociación, a ningún «cacique» aunque venga adornado con el gorro frigio y que los que deseen afiliarse, procedentes del campo monárquico, tendrán que permanecer dos años sin derecho a voz ni voto.

La concesión a las regiones no contradice el programa socialista. Por el contrario, el centralismo, incrementa la política imperialista y los odios nacionalistas. Los Estados de estructura más unitarias: Francia e Italia, son los países más militaristas.

hacia el nuevo estado gallego

la asamblea de coruña

La causa autonomista, en la que tantas generaciones han puesto sus bríos, ha tenido una magnífica culminación en la asamblea del día cuatro. En ella se han fijado las líneas generales de la estructuración del nuevo estado gallego. Galicia entera puso su alma.

Sin ninguna esitidencia, aun cuando la pasión encendiese los ánimos alguna vez, se discutió—íntegramente—el Anteproyecto del Estatuto presentado a la Asamblea por la Federación Republicana Gallega. Aquel mismo día quedó aprobado.

El Seminario de Estudios Gallegos retiró su anteproyecto, obra admirable de dos jóvenes juristas. Su carácter francamente nacionalista hizo desistir a la mencionada entidad de presentarlo a la aprobación de la Asamblea.

La causa autonomista se ha apuntado un triunfo con la jornada galleguista del día 4. Este es escuetamente el sentido de la magnífica efemérides. Todo cuanto se haga por desvirtuarla sería inútil. Galicia anhela un régimen de autonomía sin separaciones suicidas. La energía con que la Asamblea rechazó una protesta, apenas insinuada, contra la actuación del Gobierno provisional de la República, nos dice, bien a las claras, que Galicia desea continuar unida a España. Unida a España, pero con vida propia.

política de contido

Seméllame que no movemento actual da Política española hai unha sobra de forma unha falla grande de contido. Fálase demasiado da primeira e descóidose moito o segundo. (Deixo certas minorías políticas e certas tendencias inda non ben cristalizadas; refírome ó tono xeral, a nota dominante). Haistrá algúns partidos sociais adolecen de exceso de formalismo. Éomeu ver é iste error de gravidade.

Non se diga que, de primeiro, hai que atender á forma e despois virá o outro. Compre atender ó contido dende o primeiro momento. Ben está que se teña loitado pol- o adveñimento da República; mais non se vaia pensar que cō sen acado xa está feito todo e realizado o fito preno da Política. Aquelo é unha condición pra transformai- a nosa vida colectiva e enroital- a por vieiros de seguranza. Mais a verdadeira laboura escomenza agora, a laboura de remoción das bases sociais, da destrución dos poderes de feito mais tiránicos e mais difíciles de desarraigado que os ministros do vello réxime das suas cadeiras de mangoneo. E isto de contido, sēn espera. Toda demoranza esperta desacougo e pesimismo na masa que non ouserva, a pesares do iroque de forma política, mudanza fonda na realidade concreta do vivir colectivo.

Hai, na propáganda político, que se anda a focer sobra de formalismo. O traballador, labrego ou marítimo, hai que lleir con problemas concretos. El sente o Goberno moi de lonxe e a sua composición e cousa pra él moi secundaria. Ten que ver que cambéan de verdade as cousas, que traí unha nova xustiza no reparto social mais human, que non é tan podente a presión dos privilexiados, que non é tan dura a sua escravitude de feito. Que a forma política responda á auténtica realidade sociolóxica, que sexa unha república a nosa forma de goberno, que sexa o federalismo a nosa forma de Estado e con elo teremos maravilosamente montado o noso aparello, listo pra traballar. Mais logo hai que botalle a andar en forma axcitada, limpio e engrasado, en escrupulosa seleición o combustibre, en escolla miuciosa a materia prima.

Ben visto está que os caciques poden vivir na República, en ambiente tan doado como deantes na monarquía. A forma é indiferente: o contido é o que fai boa ou mala unha cousa. Non estraguemos a forma belida da nosa república nova cun contido noxento; emporcado. Euchamoi- a de mais novo, do mais xusto, do mais perfeito! Contido de xustiza económica preno, de verdadeira, matizada cultura, de quen- tura de alma nova.

O federalismo, axcitaba estreitura política á realida española é. Mais, que sería de r- s sé na Vasconia dirixisen os ultramontanos carlistóns, na Galiza os caciques de Bugallal - ou os outros - é os burgueses da Lliga en Cataluña?

Luis DE VEIGA.



No ano 1933 asiste en Santiago ao congreso do Partido Galeguista en representación dos galeguistas de Lugo e coñece persoalmente a Castelao. Logo visita a editorial Nós, na rúa do Vilar, e preséntanlle a Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño e Luís Seoane.

“En 1934, cando tiña 19 anos, lín *Teoría do nazonalismo galego* de Vicente Risco, que me produciu unha viva impresión, non tanto pola afirmación do nacionalismo, unha doutrina que non me atraía demasiado debido ao particularismo no que se baseaba, como pola reivindicación e a defensa dos intereses e os dereitos de Galicia, que atopaba moi ben expostos na teoría de Risco. Eu sempre me inclinei máis polo federalismo.”

O 25 de xullo de 1935 participa, proposto por Otero Pedrayo, no Mitin das Arengas, na praza da Quintana de Santiago.





En 1936 participou na campaña de plebiscito do Estatuto de autonomía.

O 18 de xullo comeza a Guerra Civil e el representa o Partido Galeguista na comisión de defensa da República.

Alguén o denuncia e ten que se agochar, primeiro en Lugo e despois na Armea.

A GUERRA (1936-1939)

Debido á situación de perigo que se vivía naquel tempo por mor da represión exercida contra os galeguistas, decide alistarse no bando franquista. Os horrores que tivo que vivir durante a guerra sumírono nunha crise depresiva. De aquí xurdiu o seu interese pola filosofía, para axudarlle a comprender “por que os seres humanos se comportaban coma feras”.

A reconstrución do galeguismo

- Rematada a guerra, contacta cos compañeiros que aínda quedaban para intentar reconstruír o Partido Galeguista.
- En 1942 trasládase a Madrid para estudar filosofía e continúa as actividades políticas na clandestinidade, en contacto coa oposición democrática contra franquismo.



En 1946 cruza a fronteira a pé, clandestinamente, e vai ata París para entrevistarse co presidente da República no exilio e lograr que Castelao formase parte do goberno.



Ao regresso de París é detido en Madrid e condenado a 6 anos de cárcere dos que cumpriría tres: de 1946 a 1949.



En marzo de 1949 sae do cárcere cunha enfermidade nos ollos. Dende entón ata a súa morte, vive coa súa muller -Isabel- no número 15 da rúa Xelmírez de Santiago.



A súa *mesa camilla* foi unha cátedra de galeguismo en tempos escuros.



O 25 de xullo de 1950 celébrase, nos baixos do hotel Compostela, a asemblea fundacional da Editorial Galaxia, unha idea de Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto.



A editorial reflectía a estrutura do Partido Galeguista.

- Ramón Otero Pedrayo, presidente.
- Manuel Gómez Román, vicepresidente.
- Francisco Fernández del Riego, secretario.
- Xaime Illa Couto, conselleiro delegado.
- Ramón Piñeiro, director literario.

“Propuxémonos como obxectivo non só manter vivas as estruturas políticas na clandestinidade, senón tamén a creación dunha nova conciencia galeguista e a necesidade de devolverlles ás novas xeracións a visión galega de Galicia, espertar a súa sensibilidade de galegas, ir creando nelas unha conciencia de responsabilidade co seu pobo e poñelas en contacto coa súa historia, coa súa cultura, coa súa lingua e a súa literatura e incluso coa realidade da súa economía. É dicir, aprenderlles a ver Galicia con ollos galegos.”

COLECCION "GRIAL"


1

*presencia
de
Galicia*



GALAXIA

En 1951 Galaxia edita o primeiro número da *Colección Grial* na, que Piñeiro publica *Significado metafísico da saudade*. O réxime franquista prohibiu a colección no cuarto número.



En 1952 publica “A saudade en Rosalía” no volume colectivo *7 ensaios sobre Rosalía*.

En 1953 aparece “Para unha filosofía da saudade” no libro colectivo *La saudade*.



En 1956 ve a luz a versión galega do ensaio de Heidegger *Da esencia da verdade*, que traduciu con Celestino Fernández de la Vega.

2 outubro
novembro
decembro 1963

GRIAL

RAMÓN PIÑEIRO: A Filosofía i o Home.

XOSÉ SUÁREZ: O "Noh", teatro clásico xaponés

M. RUBÉN GARCÍA: Contribución gallega a la formación de Castilla

XOHÁN LEDO: Seoane, 1963

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA: Orestes

CELESTINO F. DE LA VEGA: Braque, pintor de lo nunca visto

ÁLVARO CUNQUEIRO: Imaxinación e creación.

- En 1963 inaugúrase en Vigo a Biblioteca Penzol.
- Autorízase a publicación dunha revista trimestral, *Grial*, que codirixen Piñeiro e del Riego durante 25 anos.



SEGUROS
MUTUOS.

11 REAL ACADEMIA GALEGA

Casa Museo
EMILIA
PARDO
BAZÁN

Emilia Pardo Bazán

O 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega.

REAL ACADEMIA GALLEGA

A LINGOAXE I AS LÍNGOAS

DISCURSO LIDO O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 1967
NA SÚA RECEPCIÓN PÚBLICA, POR

DON RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

E RESPONSTA DE

DON DOMINGO GARCÍA-SABELL




DONACION DE:

Carlos Sobrado

EDITORIAL GALAXIA
1967

O seu discurso de ingreso levaba por título *A linguaxe e as linguas.*



Entre 1966 e
1970 imparte
cursos de verán
no Middlebury
College de
Vermont, nos
Estados Unidos



En 1974 publica o volume *Olladas no futuro*, no que recompila artigos sobre temas variados.



- En 1977 participa na creación do Instituto Galego de Información.
- Asina o “Manifesto dos 29” para acadar un pacto polo que os partidos que obtivesen representación no Parlamento español se comprometesen a defender os intereses de Galicia.

PROXECTO DE ESTATUTO DE AUTONOMIA PRA GALICIA, 1980



O Goberno quiere rebaixar o nivel de competencias do Estatuto de autonomía, o que provoca un rexeitamento sen precedentes da sociedade galega contra a “aldraxe”.

En 1980, á fronte do grupo de intelectuais Realidade Galega, dá a coñecer o manifesto “Diante do referendo”: “o erro cometido nas Cortes, recoñecido oficialmente, deberá ser rectificadado antes do referendo”.



- O 21 de decembro de 1980 celébrase o referendo do Estatuto de autonomía.
- Piñeiro acepta integrar como independente as listas do PSOE, xunto con Benxamín Casal, Alfredo Conde e Carlos Casares.



O Parlamento aprobou por unanimidade a lei de normalización lingüística

tiago (Por Tucho Calvo). Progresista e tocada pola esperanza do seu carácter —e mesmo polas promesas do Goberno galego de esforzarse na súa aplicación— naceu onte no Parlamento galego a lei de normalización lingüística de Galicia «recibirá a plenitude da súa vella forza creadora» (Pardo Montaña) a nova lei «un paso decisivo non sóio na normalización do idioma e na reconstrución nacional, senon tamén na normalización do país e da súa vida pública» (An-

preámbulo da lei que o histórico centralista no decorrer dos séculos Galicia dúas consecuencias profundamente negativas a posibilidade de institucións propias e desenvolvemento da cultura genuína cando a promover o grande das culturas modernas tamén do proceso de desenvolvemento dos dereitos como nacionalidade comezado coa Constitución de 1978. O artigo primeiro da mesma é o quinto do Estatuto de Autonomía sentando principios que se apoia a lei elaborada pra —en palabras do portavoz do Goberno, Xosé Rivas— ofrecer no futuro que queda por redactar este instrumento de desenvolvemento esteñamos dispostos a manter a lingua pro-

das comunidades asentadas fora de Galicia.

Xa no turno de portavoces, Camilo Nogueira refírese á importancia da nova lei de normalización sempre que se desenvolvan todas as súas potencialidades. «Deixa moitas portas, moitos camiños abertos, que poden encherse de xeitos moi diversos», dixo. E sóio mostrou as súas reservas (que exteriorizaría con Anxel Guerreiro ao absterse na votación parcial) fronte ao párrafo primeiro da disposición adicional na que se di que «nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimárase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega».

Sinalou o deputado de EG ao respecto que «non estamos en contra da autoridade da RAG, pro non compartimos a postura política que tivo na elaboración do Estatuto».

Anxel Guerreiro destacou so-



X. Lobato

«A lingua e a raíz e a forza da nosa identidade cultural», dixo Ramón Piñeiro na súa amotivada intervención ante o pleno do Parlamento.

«O Estatuto —por rematar cunha situación de gale-

xel Guerreiro); e non dudou Ceferino Díaz en dicir que «aínda que o vemente enfermo, esa lei chega a tempo de salvalo» no día no que, sepañeiro de grupo Ramón Piñeiro, «recupera a nosa lingua a plenitude». Feito o texto con mente aberta, a nosa lingua convírtese pola unificación e vindicación de todos (Olives Quintás), coa transcendencia que lle dá o pobo non é él mentres non pode escoller en qué fala» (Miras Portu-

adaptar o seu idioma ao do administrado e non ao revés. «Todos renunciamos a algo na elaboración desta lei, pro todos nos sentimos satisfeitos do acadado, porque é un instrumento válido pra lograr a medio prazo a normalización do galego». O feito do portavoz socialista, o feito da votación unánime que se anunciaba, ía significar «que por primeira vez na historia contemporánea da nosa terra, a nosa lingua non seña defendida polo sector «A» ou «B», senon polo seu conxunto».

Lembrar a quenos loitaron pola lingua

Os independentes galeguistas do grupo do PSOE tamén dirixiron onte a súa voz dende a tribuna de oradores ao traveso de Ramón Piñeiro. «A lingua é a expresión viva dunha cultura milenar —comezou dicindo— con certo nervio —por iso a lingua galega é a raíz e a

rios galegos. E ao propio pobo que soubo máis adversidade —pois a quen loitou por a dicación do idioma simbolizou en si mesmo por ser «o primeiro» anos comenzo a vida o proceso cultural da nosa terra, o veso dela de Galicia máis universal —ra nos últimos anos brou que figurarían poetas de todos os tempos mados pola U

Olives Quintás —continúa— a continuación, a plenitude do Estatuto «a lingua galega, polo que está abondo presente na lingua de todos os galegos —matar coas dificultades —mente ao ensi-

Defendeu no Parlamento a Lei de normalización lingüística.



Dende 1983 ata o seu pasamento, en 1990, foi presidente do Consello da Cultura Galega.